

AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



*Xosé Filgueira Valverde
1906-1996*

17 de maio de 2015

Día das Letras Galegas

Sumario

SUMARIO	3
EDITORIAL	4
AS NOSAS FESTAS	5-8
DÍA DAS LETRAS GALEGAS	9-10
COLABORACIÓNS	
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4 ANOS	11-13
EDUCACIÓN INFANTIL 4/5 ANOS	14-17
1º DE PRIMARIA	18-21
2º DE PRIMARIA	22-25
3º DE PRIMARIA	26-28
4º DE PRIMARIA	29-31
5º DE PRIMARIA	32-35
6º DE PRIMARIA	36-37
ACTIVIDADES CULTURALS	38-40
ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA	41-44
VIAXE A BARCELONA E SALOU	45-50
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	51-53
ORLA DE GRUPO	54

Editorial

É certo, por que negalo, que hai moitos docentes desmotivados, descontentos, desbordados..., pero a miña experiencia dime que somos moitos máis os docentes optimistas, aqueles que disfrutamos co noso traballo e seguimos tendo proxectos e ilusións. Por outra banda, é obvio que sen optimismo a tarefa educativa perdería o seu sentido máis profundo xa que é imposible que poida educar alguén que perdeu a esperanza en sí mesmo e no ser humano co que traballa.

Algúns docentes parten dunhas expectativas pouco realistas. Desesperarse porque os alumnos maiores son faltóns, porque os pequenos son inquedos, porque nos grupos xurden problemas..., é ter unha visión desaxustada da realidade. Se os alumnos estivesen plenamente formados, se fosen autónomos e responsables, se soubesen comportarse en cada momento, non precisarían de nós.

Traballar coa infancia sempre é unha invitación á esperanza e ao optimismo. Os nenos rebotan saúde, amosan unha vitalidade extraordinaria, fan proxectos cada minuto e teñen toda a vida por diante. A distancia xeracional pode crear un abismo entre docentes e alumnos ou pode invitar a construír pontes que permitan manter o diálogo, o razoamento, as boas relacións e a axeitada convivencia.

Na escola é preciso dar cabida aos sentimentos, ás emocións, ao que insistentemente hoxe en día denominamos "intelixencia emocional". Fai falla dar cabida ao humor, á festa, á ledicia, á esperanza..., sen que isto signifique conformismo. Por suposto que hai moitas cousas que mellorar na educación. Dispor de máis medios, ter unha parte máis activa na política educativa, gañar autonomía e participación nos colexios, mellorar as condicións de traballo, fomentar a práctica innovadora..., son esixencias ineludibles.

En educación o agradecemento e a repercusión son sempre a longo prazo. A profesión docente non ten nin a inmediatez nin os resultados visibles a curto prazo doutras carreiras. Por iso debemos compartir entre os profesores os nosos éxitos e motivos de satisfacción que se atopan na práctica diaria pois iso supón sempre unha fonte de optimismo e de estímulo.

Dado que a educación é un prato que require dunha elaboración meticulosa, recordade que para triunfar coa receita, debemos misturar convenientemente os seguintes ingredientes: flexibilidade, sentido do humor, moita paciencia e proximidade.

Todos os mestres pasamos por situacións positivas e negativas. Pero a forma de responder ante elas resulta decisiva.

¡Ti elixes!

LETRAS GALEGAS 2015



O día das LETRAS GALEGAS dedicouse este ano a **Xosé F. Filgueira Valverde**.

Nado en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e finado en Santiago de Compostela o 13 de setembro de 1996, Xosé Filgueira representa un cumio intelectual e é un dos meirandes divulgadores culturais que teña dado Galicia. Numerario da Real Academia Galega e da Real Academia de la Historia, a súa produción científica supera as 2100 publicacións e interveu en máis de 4.500 charlas ou conferencias.

Presentámovos o xornal correspondente ao curso 2014/2015 desexando que a disfrutedes.

*O director
Rafa Rodríguez Martín*

AS NOSTRAS FESTAS

Festa do Outono

O día 7 de novembro celebramos a Festa do Outono, na que festexamos conxuntamente o Magosto e o Halloween.



O Nadal

O día 18 de decembro visitounos Papá Noel e o día 19 celebramos o Festival de Nadal.



Día da Paz

O 30 de xaneiro conmemoramos o Día da Paz e a Non Violencia. Confeccionamos "O XARDÍN DA PAZ", con flores feitas con mans, que levaban escritas palabras relacionadas con esta celebración. A continuación tiveron lugar os xa clásicos xogos cooperativos por equipos.



O Entroido

O 12 de febreiro tivemos unha degustación de postres de entroido doados polas familias. O día 13 celebramos o desfile de disfraces. O núcleo temático deste ano foi "ETAPAS DA HISTORIA"





Día das Letras Galegas

O 15 de maio celebramos o Festival das Letras Galegas. No intermedio das actuacións entregáronse os premios correspondentes aos XOVES OLÍMPICOS E CAMPIONATOS DE XADREZ E BÁDMINTON.





Colaboracións

Educación Infantil 3-4 anos



OS NENOS E NENAS DA AULA DE 3 E 4 ANOS DURANTE O INVERNO APRENDIMOS MOITAS COUSAS SOBRE A NEVE, ALGUNHAS SON AS SEQUINTES:

COMEZAMOS A INTERESARNOS POLA NEVE PORQUE UN DÍA APARECEU NA NOSA CLASE UN BONECO DE NEVE CUN CARTEL NO QUE NOS DECÍA QUE TIÑA FRÍO... E NÓS... QUIXEMOS AXUDALO FACÉNDOLLE GORROS, BUFANDAS E LUVAS PARA QUE SE SENTIRA MELLOR...




COA AXUDA DAS FAMILIAS QUE NOS ENVIARON BOTES DE ACTIMEL BALEIROS... FIXEMOS BONECOS DE NEVE CON PLASTILINA:



UN DÍA CHEGAMOS AO COLE E HABÍA NEVE! COLLÉMOLA PARA TOCARLLE... E QUE FRÍA ESTABA... DESPOIS DE CONSULTAR LIBROS DA BIBLIOTECA SABEMOS QUE A NEVE SON PEQUENOS CRISTAIS DE XEO QUE CAEN DAS NUBES EN FORMA DE COPOS. OS CRISTAIS DE XEO TEÑEN 6 LADOS E CANDO CAEN DAS NUBES E SE XUNTAN... FORMAN AS FOLERPAS. OUTRA COUSA QUE NOS CHAMOU A ATENCIÓN É QUE AÍNDA QUE VEMOS A NEVE BRANCA... EN REALIDADE É TRANSPARENTE...!








NO POLO NORTE OU ÁRTICO, ADEMAIS DE PAPÁ NOEL...
DESCUBRIMOS QUE VIVEN OS SEGUINTES ANIMAIS:




E NO POLO SUR OU ANTÁRTICA SOEN VIVIR ESTES OUTROS ANIMAIS:



ESTAMPAMOS BÓLAS DE TÉMPERA BRANCA E FIXEMOS BONECOS DE NEVE COAS LETRAS DOS NÓSOS NOMBRES... PARA REMATAR PEGÁMOSLLE FARIÑA ARREDOR IMITANDO AS FOLERPAS:





APRENDIMOS MOITAS COUSAS SOBRE OS INUITS: SOEN SER BAIXIÑOS, TEÑEN OS OLLOS RASGADOS E AS PESTANAS PESADAS, CAZAN PARA ALIMENTARSE E PARA APROVEITAR A PEL DOS ANIMAIS PARA FACER ROUPA, DESPLÁZANSE EN KAIAKS E TRINEOS, E DURANTE O INVERNO



VIVEN EN

E DURANTE O VERÁN EN



CANTAMOS E BAILAMOS A CANCIÓN DE "NANUK EL ESQUIMAL"; E VESTÍMONOS COMA OS ESQUIMÓS... MIRADE QUE ABRIGADIÑOS:



E XA PARA REMATAR...



COCIÑAMOS BONECOS DE NEVE...
ÑAM ÑAM...



RECOLLEMOS TODA A
INFORMACIÓN NUNS LIBROS



Educación Infantil 4 e 5 anos





TRABALLAMOS COA ARTE



CON CALDER









ESULTORE PINTOR

1. REPRODUCIMOS ALGÚNS DOS SEUS CADROS :





2. INTENTAMOS DEBUXAR UNHA CARA,
EMPREGANDO A SÚA TÉCNICA E CORES.



3. REALIZAMOS DIVERSAS ACTIVIDADES CON ESTE CADRO:




- Xogamos a destapar pouco a pouco o cadro , e imaxinar o que podía estar escondido .
- Reproducimos o cadro pintando e picando os círculos .



- Inventamos un título para o cadro , e votamos o que máis nos gustou :
" Unha árbore extraña "
- Fixemos a nosa versión da árbore, utilizando liñas rectas, curvas , abertas e fechadas.



- Imaxinamos e creamos :Os nen@s distribuídos por equipos , utilizando distintos materiais , inventaron " a súa árbore extraña "



Primeiro de Primaria

O TANGRAM

Conta a lenda que un servo dun emperador chinés levaba un mosaico de cerámica moi caro e fráxil. Tropezou e rompeuno en pedazos. Desesperado, tratou de formar de novo o mosaico, pero non puido. Sen embargo douse conta de que podía formar outras figuras cos pedazos.

Este curso nós traballamos co Tangram e aprendemos:

Que é unha **LENDA**

- **VOCABULARIO** novo:

mosaico, servo, emperador, astucia.

- Onde está **CHINA (ASIA)**

- Construimos un Tangram **MANEXANDO** moi ben os **TESOIRAS**.

- **CONCEPTOS ESPACIAIS** diante, dereita, esquerda, arriba...

- A distinguir **POLÍGONOS**: triángulos e cuadriláteros.

- A usar a **REGRA**.

- A facer cadrados con triángulos.

- A **DIVERTIRNOS** e usar a **IMAXINACIÓN**.

Os primeiros días a prefe deiscounos unhas plantillas para facer moitas figuras: animais, candeas, barcos...

Ó final nós inventamos as figuras que quixemos. Con elas fixemos uns cadros que nos quedaron chulísimos e puxémoslles nome, como os **GRANDES ARTISTAS!**







Segundo de Primaria

PENSA E RESPOSTA

1.- A ra foguete australiana pode saltar 50 vezes a
lonsitude de seu corpo. Se a ra mide 5 cm de longo,
cantos centímetros pode saltar?

Resposta: _____



2.- Saberás descubrir de quen ou de que fala a
seguinte adiviña? "Se dis o meu nome,
desaparezo."

Resposta: _____

3.- O meu can pesa 4 quilos máis que a metade
do que pesa. Sabes cantos quilos pesa
o meu can?

Resposta: _____



4.- Se nun campo hai 20 pascaros e
cunha escopeta un cazador mata a 3,
cantos pascaros quedan no campo?

Resposta: _____





5.- Se nunha carreira pasas ao segundo, en que posición te sitúas?

Resposta: _____

6.- Se un submarino descende en liña recta a unha profundidade de 5 quilómetros e despois volve á superficie, cantos quilómetros recorreu?

Resposta: _____

7.- Atopa un par de números cuxa suma sexa 18 e cuxa resta sexa 6.

Resposta: _____

8.- Dentro de 5 anos terei o triple de idade que tiña hai 5. Cantos anos teño agora?

Resposta: _____

9.- Nun cuarto a escuras só dispoñemos dun misto para acender unha vela, unha lámpada de aceite ou unha fogueira. Que acenderías primeiro?

Resposta: _____



10.- Se ás 13:23 h. sae un tren de Barcelona con destino a Madrid e ás 14:48 h. sae outro de Madrid cara a Barcelona, cando se cruzen, cal dos dous estará máis preto de Madrid?


Resposta: _____

11.- Se tes 20 cegoñas e a metade descansan sobre unha pata e a outra metade fan sobre 2 patas. Cantas patas en total pisan o chan?

Resposta: _____

12.- Adiviña: "Canto maior se fai menos se ve".

Resposta: _____



Solucionario

Se non sabes a resposta, dalle a volta á revista...

SOLUCIONARIO AO PENSA E RESPSTA

- 1.- 250 cm (2 metros e medio).
- 2.- O silencio.
- 3.- 8 quilogramos.
- 4.- Os 3 que mata.
- 5.- Se adiantas ao segundo, ti mesmo pasas a ser segundo.
- 6.- 10 quilómetros.
- 7.- O 12 e o 6.
- 8.- 10 anos.
- 9.- O misto.
- 10.- Cando se cruzan están á mesma distancia de Madrid.
- 11.- 30 patas.
- 12.- A escuridade.

Terceiro de Primaria

Unha mascota pouco habitual



Se algunha vez oídes falar dos nenos de terceiro saberás que somos moi inquietos. Este ano adoptamos unha mascota un tanto especial. Criamos vermes de seda. É unha afección que che da moitas alegrías e satisfacción, pois cada día ves medrar a un ritmo de vertixe os teus vermes. É un hobby sinxelo que non precisa de grandes esforzos, nin cartos nin espazo, tan só unha caixa de zapatos ou algo parecido. Imos aló!

FICHA TECNICA

Nome: Bolorceta ou verme de seda (*Bombyx mori*).
Tipo: Insecto artrópodo. Invertebrado.
Alimentación: Herbívoro. Só come follas de moreira.
Reproducción: Ovíparo.



Paula e Mateo amosándonos unha eiruga de 7 cm

Pablo e Aroa tomando de follas de moreira



CICLO BIOLÓGICO

O verme de seda é un insecto un tanto especial, ten tres etapas morfolóxicas distintas as **larvas**, as **ninfas** e os **adultos**.

1ª Fase de larva ou verme. Durante a segunda semana de abril, naceron as larvas. Son pequenos vermes cun tamaño máis ou menos de 2 mm. Asegurate ben de ter bastantes follas de **moreira**, pois cada vez comen máis e máis. Para conservalas mellor, gardaas na neveira. Durante esta fase, mudan 3 veces a pel a medida que medran, pois quedalle pequena e é preciso cambiála para seguir medrando. En cada **muda**, a cáscara vella substitúese por unha nova máis grande. Pode acadar os 6 ou 7 cm aos 30 días de idade. Xa, cando comezaron a medrar puidemos ver que tiñamos dúas razas: vermes **brancos** e **cebrados** ou raiados. Que chulis!



Larvas de distintos tamaños

2ª Fase de ninfa ou crisálida. Un venres, 15 de maio, levamos unha boa sorpresa.

Alguns vermes comezaron a tecer o **casulo de seda**. É amarelo e alongado. Para facelo, o verme ten debaixo da súa boca un aparato chamado **fiadora** co que fabrica unha baba que se endurece ao entrar en contacto co aire, dando lugar ao **fió de seda**. Necesita preto de 7 días para formar completamente o casulo, e dentro del comenza unha transformación (**metamorfose**) que dura aproximadamente 75 días.



Alejandro e Carla
amosándonos os casulos



4º. Fase de adulto. Logo de 15 días, ... máxica! Nacen as bolboretas do casulo. Os machos son máis pequenos e inquietos que as femias. De seguido, comeza a cópula das bolboretas, pero antes, o macho terá que danzar un pouquiño diante da femia. Xa sabedes, cousas do amor! Logo o macho máis a femia quedan unidos polo abdome e prodúcese a fecundación dos ovos. Pronto as bolboretas comezan a poñer os ovos na parede da caixa, que quedan pegados cun potente pegamento que teñen as bolboretas. A cópula pode durar preto de catro días.



Nacho e Tatiana
amosándonos as bolboretas



SABIAS QUE...?

- O cultivo do verme de seda comezou fai 5000 anos en China. Durante o século XI establécéronse lazos comerciais entre Europa e China e algúns comerciantes trouxeron algúns ovos e sementes de moreira comezando deste xeito a cría de eirugas no noso continente. Actualmente, a seda é cultivada en Xapón, China, España, Francia e Italia.
- O uso industrial das eirugas chámanse sericultura, na que o home coíde e dalle de comer a moitas eirugas para que estas, a cambio, produzan fio de seda.
- Un casulo mide aproximadamente 914 metros de lonxitude.

Cuarto de Primaria

Busca todas as diferencias que atopes na aula dos alumnos de cuarto.



Aprendendo poesia

Completa o seguinte poema de Rosalía de Castro coas palabras que faltan:

Adios, ríos; adios, _____ dos castañares
adios _____ pequenos noites craras de _____
adios, vista dos meus _____ trimbadoras da
non sei _____ nos veremos _____ do lugar

Minha terra, miña _____
terra _____ me eu vivi,
_____ que quero tanto,
figueiriños que _____

Prados, _____, arboredos,
pinares que move o _____
_____ piadores
casinha do meu _____.

amaiñas das _____
que eu lle _____ á meu amor,
_____ entre o millo
¡adios para sempre _____!
¡Adios _____! ¡Adios _____!
¡Deixa a _____ onde nacín,
deixa a _____ que conorco
por un mundo que non _____!

...

O CLUBE DA COMEDIA DOS NENOS DE 4º

Que lle regalou Batman
a súa nai polo Nadal?
Unha bat-idora.

Porque se suicidou o libro de
matemáticas? - Porque tenía
muchos problemas.

Sabes que meu irmán anda na bicicleta
desde os catro anos?

- Pois xa debe estar lonxe.

Entra un novo profesor
na escola e se presenta:

- Bos días o meu nome é Largo

- E di Iago

- Non importa, temos
tempo.

Mamá, mamá no colexio
chomanre interesado.

- Por que?

- Se me das 10€ cho digo.

Xefe teme que subir o
soldo.

- Por que?

- Porque hai 4 compañías
interesadas por min.

- E cales son?

A da luz, auga, teléfono e
internet.

Doutor doutor, non como, non bebo e
non durmo. ¿ que teño?

- Pois teño fame, sede e sono.

Quinto de Primaria

O RATIÑO PÉREZ



Todos os menos e nenas coñecedes
ao ratiño Pérez, non si?

Imosvos contar a súa historia.

Cando un dente che cae,
mételo debaixo da almofada
pola noite e poste a
dormir. De noite, mentres
dormes, o ratiño ven e
collecho para facer o
seu castelo de dentes para
vivir nel. Cando che leva
deixache un agarallo.




Tendes que saber que o racioneiro Pérez,
gustarille os dentes ben coitados.

Sabedes que hai que facer para telos en per-
fecto estado?

Aí van uns consellos:

- Pasarlle o fío dental
- Lavar os dentes
- Ir ao dentista
- Non comer moitos doces



É para rematar, deixámo-los uns Xogos sobre esta historia.

• BUSCA AS 4 PALABRAS:

R	O	T	J	M	Y
A	T	X	L	A	M
T	A	J	T	M	O
O	N	S	X	Y	E
R	A	N	T	Y	D
P	X	A	W	X	A
J	O	M	A	W	Y
M	Y	P	O	L	X
C	E	N	I	A	N


1. RATO

2. PASTA

3. MOA

4. MOEDA

• UNE OS PUNTOS



Alunos de
5º EP

Mirade que cousas máis bonitas
tedes para gardar o voso dente ata
que veña o rato Pérez.



Conha cartolina podes
facer unha caixa para
gardar o teu dente.

Construír con cartón
unha porta para que
entre a buscar o
dente.



Sexto de Primaria



Rafa

Poema de 6º

Corría o ano 2006
cando ao chegar setembro
oito rapaces entraron
felices, neste centro



Silvia

Cada un deles
era dunha zona
pero a todos lles gustaba
xogar coa fregona.

Javi

Elisa

Así pasan infantil,
divertíndose moito
xogando no recreo
e estudiando a reo.

Juán G.

Tria

Ao chegar a primeiro,
incorporouse outro meniño,
o seu nome, Ikeriño,
que non falaba un chisquiño.



Cada ano que pasaba
eramos máis amigos.





En cuarto, a nosa profesora
deixou este colexio,
e comezamos con Silvia
que é unha mestra encantadora.



Laura

En sexto pasámolo xenial,
con Javi que é excepcional.

Íker

Juán P.

Pero agora, toca abandonar
este bonito colexio,
para continuar,
con novos amigos
noutro lugar.

Ana

Samuel

Miguel

Ata sempre.



Actividades Culturais

Visita a Sogama

O 21 de outubro, os alumnos de 4º, 5º e 6º visitaron Sogama.



Titeres

O 24 de novembro recibimos a visita da Asociación Musical "Musicreques", que representaron "As aventuras de Quebranoces".



Saída Á Coruña

O 18 de marzo os alumnos de Primaria asistiron a un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia. Aproveitamos a viaxe para disfrutar dunha sesión de Planetario e para visitar a Casa das Ciencias e a Domus.



Visitamos Fonteboa

O día 22 de abril, os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º visitaron o Centro de Promoción Rural Fonteboa en Coristanco.



Saída a Ferrol

O día 7 maio os alumnos e alumnas de Primaria viaxaron a Ferrol e coñeceron os distintos usos da auga en Aquaciencia, e aprenderon moito sobre barcos no Museo Naval.



Visita á Granxa O Ventoso

O 8 de maio o alumnado de Infantil visitou as instalacións da Granxa O Ventoso e disfrutaron moito con todo o que alí viron e fixeron.



Actividades de Biblioteca

Ola rapaces!!

Durante o curso 2014-15 estiven paseando polas épocas da historia. Paseino de marabilla vendo como eramos hai moito tempo e fixen grandes amigos nesta viaxe.

Déixovos unhas fotos de todas as actividades que fixestes neste curso.

Decorastes as portas das vosas aulas e a biblioteca, que quedou moi bonita.



Podíades consultar os libros adicados ao proxecto deste ano.



Para que todos poidésemos coñecer as distintas etapas da historia, puxéchedes unha liña do tempo no corredor.




Encantoume o libro viaxeiro! Acabei canso de tanta viaxe na máquina do tempo, pero pagou a pena.



O 24 de outubro celebramos o día da biblioteca. Este ano adicouse ás matemáticas. Para festexalo, Pepe, o noso profesor de Educación Física, axudado por Paula (3ºEP) contáronnos un conto amenizado coa música de Luke, o noso auxiliar de conversa.



Cando chegou o mes de novembro visionamos na biblioteca contos de debuxos animados, colaborando coa celebración da Festa de Outono.



Xa no novo ano, 2015, levamos a biblioteca ao hall do colexio facendo unha exposición de libros para o día da Paz (30 de xaneiro) e o día de San Valentín (14 febreiro). Durante os recreos tiveron un grande éxito.



Como todos os anos, continuamos realizando as lecturas apadrinadas. Pasámolo fenomenal lendo e escoitando contos.



Para a semana da prensa, do 9 ao 13 de marzo, os alumnos do centro elaboraron diferentes seccións dun xornal, que foron expostas nun taboleiro.



No mes de abril tivemos a celebración do día do libro con diversas actividades.

Realizamos un taller de jumping no que diseñamos marcapáxinas.



O xoves 23 elaboramos unha árbore coas portadas de libros feitos polos nenos, que simulaban as follas. Tamén tivemos a visita de membros do Concello que obsequiaron aos rapaces cun agasallo.



Todas as fotos e actividades do curso podédelas ver no blog da biblioteca:

<http://bibliotecacelsoemilioferreiroasilva.blogspot.com.es/>

Despois de contarvos todo o que fixestes neste curso, tócame despedirme ata o próximo. Que viaxe farei? Que coñecerei no curso 2015-2016? Que ganas de sabelo!!!

ESPÉROVOS NA BIBLIOTECA DO CEIP CELSO EMILIO FERREIRO!!

Viaxe a Barcelona e Salou

Os días 25, 26, 27 e 28 de maio tivo lugar a excursión a Barcelona e Salou, á que asistiron os alumnos de 5º e 6º acompañados polas mestras Silvia, Ángela e Lucía. Con esta viaxe despedimos ós alumnos e alumnas de 6º, e desexámoslles que teñan moita sorte na súa nova andadura na ESO.



Recén chegados a Barcelona, visitamos o Camp Nou.

Estivemos a pé de campo. Para facer a foto tivemos que dicirlle a todo o mundo que marchara.



Pola tarde fixemos unha visita obrigada, entramos en Montjuïc, escenario dos Xogos Olímpicos de Barcelona 92. Quen non lembra aquel encendido do pebeteiro?



Vista vespertina de **Barcelona!**
Impresionante!
Aínda podíamos co cansancio.



Por fin, pero aínda inconclusa, a **Sagrada Familia de Gaudí**. Tivemos a sorte de ver o actual arquitecto.

Segundo día.
Aparecemos, non sabemos
aínda como, en **Port
Aventura**. Que ben e que
medo pasamos!





Arrea cos granizados! Tiñamos tanta calor, que acabamos con eles. Había de todas as sabores e cores.

E pola noite... unha festa non é nada sen a Muñeira de Chantada, por terras catalanas.




Marabilloso Costa Caribe Aquatic Park.




Vaia catro! Que ben viven!

Polo río abaixo van
catro troitas de pé,
Corre que te corre,
quen as puidera coller.



Por fin pisamos
Salou!
E agora á beach!

Aquí tedes aos vixiantes da Praia. Esa tarde non había moito traballo que facer. Así que o Sir Botana estaba a prepararse para o bailongo da noite.



Probando o Mediterráneo. Estaba máis frío do que pensabamos.

Secando os bañadores e preparándonos para o paseo de tendas. Menos mal que tiñamos bronceador porque picaba moito o sol.





Apurando as últimas horas en Barcelona, desde a Praza Cataluña baixamos ata a Catedral.



Vaia par de xeados! Debían estar ben bós, que repartir non repartiron nada.



Por fin! Xa tiñamos unha fame doente. Menos mal que xa estaba todo preparado para o xantar.

Non podemos máis!
Do Prat non nos moverán.



DEICA LOGO!

Actividades Deportivas

Campo A Través Xogade-Xurta Galicia.

O 12 de decembro participamos no circuito de cross realizado na área recreativa A Magdalena, do Concello do Pino, onde os nosos alumnos e alumnas se esforzaron ao máximo e se comportaron como uns auténticos campións.



XOGADE
XOGOS GALEGOS

Xoves Olímpicos

Debido ao éxito acadado o ano pasado cos Xoves Olímpicos, este ano decidimos repetir a experiencia, e incluímos a nosa actividade dentro do Plan Proxecta. Tanto os alumnos e alumnas coma os mestres e mestras, involucráronse moito. Ademáis os alumnos e alumnas de 6º crearon un Blog no que foron recollendo todas as actividades realizadas (<http://juevesolimpicos.blogspot.com.es/>)



Liga de Xadrez

Tamén levamos a cabo unha liga de xadrez, novamente dirixida e arbitrada polos mestres Francisco e Pepe.



Liga de Bádminon

Os venres tamén tivo lugar unha liga de bádminon, organizada e arbitrada polo mestre Pepe, e coa colaboración dos alumnos e alumnas na arbitrase. Os gañadores recibiron o seu merecido premio.



Ata o vindeiro ano





Dinamización Lingüística



LETRAS
GALLEGAS